

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de setembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día sete de setembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(905).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 29 de agosto. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(906).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN XERAL DE LIQUIDACIÓNS E XESTIÓN DE IBI URBANA. EXPTE. 8260/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/08/17 e o informe de fiscalización do 25/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 04/09/17, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, o concelleiro

delegado da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 14/07/2017 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo para a actualización dos aplicativos de Xestión Xeral de Liquidacións e Xestión de IBI Urbana.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Adxunta Xefe e o Xefe do Servizo de Administración Electrónica o 14 de xullo de 2017.
- Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro de Administración Electrónica o 14 de xullo de 2017.
- Memoria xustificativa do contrato asinada pola Adxunta ao Xefe do servizo e polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica o 19 de xullo de 2017.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola Adxunta ao Xefe do servizo e polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica o 19 de xullo de 2017.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación do 24 de xullo de 2017 sobre a comprobación de que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación
- Dilixencia asinada pola Adxunta Xefe e o Xefe do Servizo de Administración Electrónica o 10 de agosto de 2017 na que se sinala que se modifica o apartado c.3 da Memoria Xustificativa do contrato en relación cos medios persoais e materiais
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación o 10 de agosto de 2017.
- Informe favorable ao expediente de contratación asinado pola Xefa de Asesoramento-Asesoría Xurídica da Asesoría Xurídica en data 10/08/2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016. O Concelleiro

Delegado de Administración Electrónica en resolución de 14/07/2017 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas asinado pola Adxunta ao Xefe do servizo e polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica o 14 de xullo de 2017. e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 10/08/2017.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é procedemento aberto segundo a lexislación vixente.

Cuarto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 10/08/2017, informe favorable ao expediente de contratación, devolvéndoo co prego de cláusulas administrativas particulares informado de conformidade.

Quinto.- Segundo a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias previstas no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

Sexto.- No artigo 93-3º da LCSP establece que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito do expediente, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación.

Sétimo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo para a actualización dos aplicativos de Xestión Xeral de Liquidacións e Xestión de IBI Urbana, que contén o prego de prescricións técnicas de data 19/07/2017 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 10/08/2017.

2. Aprobalo gasto de 90.000 € para para a contratación do subministro do servizo para a actualización dos aplicativos de Xestión Xeral de Liquidacións e Xestión de IBI Urbana, con cargo á partida 9207.2270602 (Adaptación melloras fondos DUSI) co proxecto 17920702 dos exercicios 2017 e 2018, correspondendo 49.500 € o exercicio 2017 e 40.500 € o exercicio 2018.

Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(907).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA, DE DATA 23/08/17, POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BEN INMOBLES DE NATUREZA URBANA E DE BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO 2017. EXPTE. 42286/512.

Dáse conta da referida Resolución do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral,

De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos, de data 23 de agosto de 2017

RESOLVO:

1. **APROBAR** O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2017 por importe de **65.659.091,11 €** (SESENTA E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL NOVENTA E UN EUROS CON ONCE CÉNTIMOS) que consta de 202.220 inscricións de **BENS DE NATUREZA URBANA** por importe de **63.294.066,18 €** segundo relación que comeza por FERNANDEZ DIZ JOSE LUIS e remata por AQUALIA Y FCC UTE VIGO e de 748 inscricións de **BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS** por importe de **2.365.024,93 €** segundo relación comeza por AENA AEROPUERTOS SA. e remata por AQUALIA Y FCC UTE VIGO."

2. **Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.

3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(908).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA, DE DATA 23/08/17, POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO EXERCICIO 2017. EXPTE. 49826/516.

Dáse conta da referida Resolución do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral),

De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos de 23 de agosto de 2017,

RESOLVO:

1.- APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS do Municipio de Vigo para o ano **2017** por importe total 12.843.271,10€ dos que **11.535.960,58€** corresponden á cota municipal e **1.307.310,52€** ao recargo provincial, que contén **3.793 inscricións**, segundo relación que comeza por "A CASTELO SL" e remata por "ZUNIBAL, SL".

2.- Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza fiscal xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(909).- DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS:

Dáse conta das Setenzas e Autos remitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica, que son os seguintes:

a) Expediente nº 8156/111. Xulgado do Social (Reforzo) nº 5 de VIGO. Procedemento: 655/2013. Obxecto: Modificacións horario-CLECE. Decreto nº 279 do 27 de xuño de 2017. Acepta o desestimento da actora

b) Expediente nº 8157/111. Xulgado do Social (Reforzo) nº 5 de VIGO. Procedemento: 657/2013. Obxecto: Modificación de horario-CLECE. Decreto nº 278 do 27 de xuño de 2017.

Acepta o desestimento da actora

c) Expediente nº 8158/111. Xulgado do Social (Reforzo) nº 5 de VIGO. Procedemento: 656/2013. Obxecto: Modificación de horario- CLECE. Decreto nº 292 do 28 de xuño de 2017. Acepta o desestimento do actor.

d) Expediente nº 8230/111. Xulgado do Social nº 4 REFORZO de VIGO. Procedemento: 1042/2013. Obxecto: CENTRO CÍVICO CORUXO. Expte(s): 24348/220. Sentenza do 27 de xuño de 2017. Desestimado o recurso de suplicación.

e) Expediente nº 9528/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO. Procedemento Ordinario: 518/2015. Obxecto: OCUPACIÓN DA FINCA PROPIEDAD DO DEMANDANTE POLO "PARQUE COUTADAS". Expte(s): 1868-446. Sentenza nº 195 do 4 de xullo de 2017. Desestimado o recurso.

f) Expediente nº 9612/111. Xulgado do Social nº 4 de VIGO. Procedemento: 493/2015. Obxecto: INCAPACIDADE PERMANENTE POR ACCIDENTE DE TRABALLO BOMBEIRO. Sentenza do 28 de abril de 2017.

SENTENZA nº 375 do 6 de xullo de 2016. Estimatoria: incapacidade parcial e indemnización. (Comunicada na XGL do 09-09-2016) TSXG, Sala do Social SUPPLICACION 4083/2016 SENTENZA do 26 de abril de 2017. Desestima o recurso de suplicación do INSS e da MUTUA-FREMAP, confirmando a sentenza recorrida.

g) Expediente nº 9662/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO. Procedemento Ordinario: 109/2016. Obxecto: ANULACIÓN LICENZA VADO ENTRADA VEHICULOS RUA 1ª TRAVESIA PADRE CELSO Nº 59. Expte(s): 83738-210. Sentenza nº 186 do 27 de xuño de 2017. Desestimado o recurso.

h) Expediente nº 9912/111. Xulgado do Social nº 3 de Vigo. Procedemento: 727/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Sentenza nº 332 do 30 de xuño de 2017. Estimado parcialmente o recurso.

i) Expediente nº 9935/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO. Procedemento dereitos fundamentais: 356/2016. Obxecto: Resolución da Concellería de Seguridade e Mobilidade de data 28/06/16 que autoriza a festa da Consolación de Coia. Expte(s): 97589-210. Sentenza nº 204 do 11 de xullo de 2017. Desestimado o recurso.

k) Expediente nº 9938/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Procedemento Abreviado: 386/2016. Obxecto: Liquidación y Sanción á "Comunidade Hereditaria". Auto do 7 de xullo de 2017.

SENTENZA do 7 de xullo do 2017 (cuxo fallo foi aclarado por Auto do 12/07/2017) A sentenza, firme (cuxo fallo foi aclarado por Auto do 12/07/2017).

l) Expediente nº 10011/111. Xulgado do Social nº 5 de Vigo. Procedemento: 762/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Sentenza nº 322 do 26 de xuño de 2017. Estimada parcialmente a demanda.

- m) Expediente nº 10012/111. Xulgado do Social nº 5 de Vigo. Procedemento: 764/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Sentenza nº 305 do 19 de xuño de 2017. Estimada parcialmente a demanda.
- n) Expediente nº 10037/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO. Procedemento Ordinario: 434/2016. Obxecto: Resolución do TEA de data 29/04/16 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra providencia de apremio relativa ao IBI 2015. Expte(s): 29474-700. Contía: 89.159,95 €. Sentenza nº 348 do 20 de febreiro de 2017. Desestimado o recurso.
- o) Expediente nº 10057/111. Xulgado do Social nº 5 de Vigo. Procedemento: 763/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Sentenza nº 327 do 28 de xuño de 2017. Estimada parcialmente a demanda.
- p) Expediente nº 10063/111. Xulgado do Social nº 5 de Vigo. Procedemento: 757/2016. Obxecto: Reclamación de cantidades. Sentenza nº 296 do 14 de xuño de 2017. Estimada parcialmente a demanda.
- q) Expediente nº 10083/111. Xulgado do Social nº 5 de Vigo. Procedemento: 817/2016. Obxecto: Despedimento nulo, contrato IMD por excedencia de D. Angel Abeijón Broullón. Sentenza nº 320 do 26 de xuño de 2017. Estimado parcialmente o recurso.
- r) Expediente nº 10327/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO. Procedemento Abreviado: 527/2016. Obxecto: Devolución de avais depositados no marco do contrato de obras de construción do parque deportivo en Barreiro. Sentenza nº 177 do 21 de xuño de 2017. Desestimado o recurso.
- s) Expediente nº 10500/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO. Procedemento Abreviado: 117/2017. Obxecto: Decreto ditado o 27/01/2017 no expediente sancionador. Expte(s): 168683069. Sentenza nº 163 do 27 de xuño de 2017. Desestimado o recurso.
- t) Expediente nº 10503/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO. Procedemento Abreviado: 121/2017. Obxecto: resolución de data 27-1-2017 na que se desestima R. Reposición do expediente sancionador. Expte(s): 168623353. Contía: 200,00 €. Sentenza nº 170 do 27 de xuño de 2017. Desestimado o recurso.
- u) Expediente nº 10507/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO.- Procedemento Abreviado: 123/2017. Obxecto: Resolución ditada polo Concelleiro de Seguridade de data 27/01/2017 desestimatoria do R.Reposicion contra o expediente 158601345. Expte(s): 158601345. Sentenza nº 190 do 29 de xuño de 2017. Estimado o recurso.
- v) Expediente nº 10514/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO. Procedemento Abreviado: 113/2017. Obxecto: Desestimación presunta ante o recoñecemento do dereito a percibir retribucións complementarias polo desempeño contínuo no posto de suboficial xefe. Expte(s): 160009267 – 1600094393. Sentenza nº 192 do 29 de xuño de 2017. Desestimado o recurso.

w) Expediente nº 10623/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO. Procedemento Abreviado: 154/2017. Obxecto: Contra desestimación reclamación económica administrativa ditada o 07/09/2016 relativa a rectificación autoliquidación (IIV-TNU). Expte(s): 4248-550 e 29185-514. Sentenza nº 180 do 6 de xullo de 2017. Desestimado o recurso.

x) Expediente nº 10646/111. Xulgado do Social nº 1 de VIGO. Procedemento: 405/2017. Obxecto: Demanda impugnatoria de alta médica indebida. Sentenza nº 446 do 26 de xuño de 2017. Desestimado o recurso.

z) Expediente nº 10649/111. Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO. Procedemento Abreviado: 161/2017. Obxecto: Contra inactividade do Concello ao non executar resolución firme do 29/04/2016 sobre responsabilidade patrimonial. Expte(s): 4804/243. Decreto nº 15 do 18 de xullo de 2017. Rematado o procedemento por desestimaneto da actora.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(910).- REQUIRIMENTO DE GARANTÍA COMPLEMENTERIA EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E MANTENIMENTO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS, PARA INSTALACIÓN DE DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO, ASÍ COMO A FORMACIÓN E ACREDITACIÓN DO PERSOAL PARA O SEU USO. EXPTE. 948/611.

Dáse conta do informe-proposta do 01/09/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 31 de agosto de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe asinado polo director técnico de Deportes o 28 de agosto de 2017 no que se indica a procedencia de esixir garantía complementaria ao licitador clasificado en primeiro lugar, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP), que por erro non se incluíu no acordo do 21 de xullo de 2017:

- *Resgardo da garantía complementaria do 2,50% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto na cláusula 21 e apartado 11B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares” co obxecto de completar a documentación presentada o 14 de agosto de 2017.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(911).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUXILIARES NECESARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DUN AULA DE ESTUDIO SITA NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 18664/332.

Dáse conta do informe-proposta do 31/08/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de agosto de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 29 de agosto de 2017:

- EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
- EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.
- INTEGRAXSI CEE, S.L.

- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	MANTELNOR OUTSOURCING, S.L.	87,42
2	PONTE DAS DONAS	87,00
3	ESC SERVICIOS GENERALES, S.L.	84,50
4	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	82,43
5	VALORIZA FACILITIES, S.A.U.	81,97
6	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	76,04
7	ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES, S.A.	73,58

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR OUTSOURCING, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.090,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(912).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010. EXPTE. 3574/321.

Visto o informe de fiscalización do 01/09/17, dáse conta do informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación do 28/08/17:

"A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de agosto de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	93,70
CLECE, S.A.	84,34
CONTACTNOVA, S.L.	83,77
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	51,75

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.981,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., o día 11 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida o 18 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de data 3 de agosto de 2017 e da valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula efectuada pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 9 de agosto de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 934.313,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 162.153,60 euros.
- b) Propón un incremento de 10 horas semanais (total 306 horas semanais).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(913).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRA DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2002 GRAN VÍA – AVENIDA DE MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, ENTRE GRAN VÍA E AVENIDA ARQUITECTO PALACIOS. EXPTE. 4513/440.

Visto o informe de fiscalización do 01/09/17, dáse conta do informe-proposta do 28/08/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de agosto de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía – Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía – Avenida de Madrid.

Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios
(4.513-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xullo de 2017, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral de puntuación mínima para a proposición avalaible mediante xuízo de valor fixado no apartado 8.A da FEC:

1. CLOTHOS, S.L.
2. SGS TECNOS, S.A.
3. EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.
4. UTE GALAICONTROL, S.L. - INGENIERÍA NOROESTE, S.L.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 1 de agosto de 2017:

1. PROYFE, S.L.
2. UTE ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIAMBIENTE, S.L. – EIC DURAN, S.L.
3. GOC, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía – Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L.	93,50
2	AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.	91,70
3	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	90,33
4	ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.	84,34
5	TÉCNICAS Y PROYECTOS S.A. (TYPESA)	82,66
6	PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.	61,01

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 1.118,10 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L., o día 14 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida o 23 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 de xullo e 1 de agosto de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía – Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440) por un prezo total de 50.515,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.767,15 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(914).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2018”. EXPTE. 19872/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/08/17 e o informe de fiscalización do 14/08/17, dáse conta do informe-proposta do 04/09/17, do técnico de Educación, conformado pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"Mediante Resolución de inicio de expediente de 06 de xullo de 2017, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2018”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira de Educación de 06/07/17 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación
- Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico de Educación de data 05/07/2017.

- Memoria xustificativa de data 05/07/17, redactada polo técnico de Educación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 05/07/17 redactado polo técnico de Educación.
- Informe de 20/07/17 da xefa do servizo de Contratación, de comprobación da documentación e de constancia da documentación.
- Dilixencia de 20/07/2017 da xefa do servizo de Contratación, de devolución do expte ao servizo xestor para revisión do Prego de cláusulas administrativas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 07/08/17 redactado pola xefa do Servizo de Contratación.
- Informe da Asesoría xurídica municipal de 07/08/17.
- Informe-proposta de 08/08/17 de aprobación do expediente de contratación do Servizo de Educación.
- Informe-proposta modificado de 01/09/17 para rectificar erro na data do Prego de cláusulas administrativas particulares, de aprobación do expediente de contratación do Servizo de Educación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2018”, para a mellora da competencia lingüística en inglés de estudantes de 4º da ESO matriculados en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de dous anos e dúas posibles prórrogas, a primeira por un ano e a segunda e última por un período máximo de 9 meses e en todo caso, ata o 31 de decembro de 2021.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 1.764.000,00 euros.

Aplicación orzamentaria: Tramítase este expte como anticipado de gasto con cargo á partida de aplicación presupostaria: 3260.227.99.17 do Programa Educativo “Aulas Internacionais” do exercicio 2018 e 2019, quedando esta contía supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nese exercicio orzamentario futuro de 2018 e 2019

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Legislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2018" por procedemento aberto.

2º.- Aprobar o Prego de prescripcíons técnicas de 05/07/2017 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 07/08/2017 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2018" por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 3.528.000,00.-€ (correspondendo 1.764.000,00 euros na anualidade de 2018 e outros 1.764.000,00 euros na anualidade de 2019) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2018" por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo "Aulas Internacionais" do exercicio 2018 e 2019, quedando esta contía supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nese exercicio orzamentario futuro de 2018 e 2019

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(915).- BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DAS BOLSAS "CONCELLO DE VIGO" PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DE ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO (EOIV), ANO 2018. EXPTE. 19902/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 01/09/17, dáse conta do informe-proposta do 27/07/17, do técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, conformado pola xefa do servizo de Educación, pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"Seguindo instrucións da Concelleira Delegada da área de Educación, iniciáronse os contactos coa dirección da "Escola Oficial de Idiomas de Vigo " (EOIV), para colaborar novamente nunha edición máis con esta institución educativa no desenvolvemento do Programa de estancias lingüísticas no estranxeiro que promove ese Centro. Cómpre sinalar que esta iniciativa municipal supón unha continuidade na prestación da mesma, xa que en cumprimento da vontade manifestada pola Alcaldía de Vigo, o Concello de Vigo ben colaborando coa EOIV de xeito continuo e ininterrompido dende o ano 2009, mediante a convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais destinadas a financiar as actividades do programa formativo de inmersión lingüística en destino para o

alumnado da EOIV que, cumprindo os requisitos específicos da convocatoria, posúe un mellor currículo académico.

Para esta finalidade, a EOIV elaborou un programa marco (achégase Acta da reunión do 26/06/2017 da EOIV presentada no rexistro de entrada municipal en data **20/07/2017 co nº de doc 170104043**), que figura como Anexo IV nas Bases que se inclúen no presente expediente, consistente no desenvolvemento dun curso de perfeccionamento en inglés, francés, alemán, italiano, portugués, xaponés e chinés, cunha estancia de dúas semanas de duración nas capitais do Reino Unido, Francia, Alemania, Italia, Portugal, Xapón e China. Esta institución calculou asemade, mediante consulta a provedores deste tipo de servizos, os custos/persoa para o desenvolvemento do programa e propuxo o número de beneficiarios/as das bolsas para cada lingua estranxeira.

Achégase ao presente expediente cadro ou estimación económica, tendo en conta prezos de mercado e balances das edicións anteriores, que serve de base para a determinación da contía, sobre a cal se fixaron as cantidades para cada bolsa, e finalmente foi redistribuída a contía total dispoñible entre os diversos destinos, e en función do número de bolsas para cada un deles.

O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE publicada no BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O artigo 8 "cooperación entre administracións" da LOE, recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional, que sen dúbida algunha constitúe un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global que demanda maior manexo e dominio doutras linguas.

En consecuencia estas estadías lingüísticas no estranxeiro, posúen un grande valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez noutras linguas e potenciar a

capacidade comunicativa nas mesmas, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, todo o alumnado da EOIV beneficiario destas bolsas municipais levará ao país de destino información de carácter turístico de Vigo e camisetas alusivas á promoción cultural da

cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento das actividades formativas nas localidades de inmersión lingüística, e igualmente achegarán ao persoal educativo responsable dos distintos centros académicos formativos e residencias de estudantes en destino, distinto soporte documental específico en diversos formatos (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 LRBRL, o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.*
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.*

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova convocatoria das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV para o ano 2018, que nas súas edicións anteriores ten acadado óptimos resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación noutras linguas do alumnado vigués.

Igualmente as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan aos atribuídos á competencia local, e así o prevén os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997.

Con estas premisas, dende este Servizo Municipal de Educación, en contacto coa dirección da EOI de Vigo, redactáronse as Bases da convocatoria de Bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2018, cuxo proxecto obra no expediente 19902-332.

O obxecto da proposta desta convocatoria de axudas económicas en forma de bolsas de estudo individuais é contribuír a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das bolsas “Concello de Vigo” nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe

publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no

Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, adxúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas bolsas de estudos efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En atención á especificidade da subvención e de acordo co disposto no artigo 20. 2. a) LSG as bases reguladoras da subvención inclúense na convocatoria da mesma.

As Bases recollen todos os elementos necesarios para a selección dos beneficiarios/as das seguintes bolsas. As contías das bolsas son diferenciais en función do país de destino, habida conta de que os custos das actividades varían segundo sexa a estancia nun ou noutro país. As bolsas non tratan de cubrir todos os custes, senón aqueles que se estiman dentro dos elegibles e que constan nas bases.

Consonte á base 29ª de execución orzamentaria vixente, tramítase esta convocatoria de subvencións como anticipado de gasto, que establece como límite superior das dotacións a cantidade de 160.000.-€ que será aplicado como anticipado de gasto con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2018, quedando esta contía de 160.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nese exercicio orzamentario futuro.

Nº de bolsas	Destino	Distribución por Niveis	Contía/bolsa euros	Importe total euros
66	Londres	Intermedio I e II, e Avanzado I e II, e C1	1.700,00	112.200,00
10	París	Intermedio I e II, e Avanzado I e II, e C1	2.000,00	20.000,00
5	Berlín	Intermedio I e II, e Avanzado I e II	1.720,00	8.600,00
4	Roma	Intermedio I e II, e Avanzado I e II, e C1	1.700,00	6.800,00
3	Lisboa	Avanzado I e II, e C1	1.600,00	4.800,00
2	Xapón	Intermedio I, II e III, e Avanzado I e II	2.000,00	4.000,00

2	China	Intermedio I, II e III	1.800,00	3.600,00
92				160.000,00 €

Tal e como se indica na primeira das Bases, os conceptos subvencionables para cada bolsa son os seguintes:

A bolsa irá destinada a financiar os seguintes conceptos:

- Estancia durante dúas semanas nos países de Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China.
- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata a cidade do destino asignado nos países indicados nos que se desenvolverá o programa, en concreto voos a Londres, París, Berlín, Roma, Xapón e China (cidades a concretar nestes dous últimos países), agás Lisboa onde poderá ser en avión, tren ou autobús.
- Matrícula do curso intensivo nun centro académico homologado do país da lingua en cuestión, cun programa mínimo de 15 horas lectivas semanais en réxime de inmersión lingüística.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Aloxamento hostais, residencias de estudantes ou outras, agás no idioma xaponés e chinés, no que unicamente se financia os gastos de ida e volta e a matrícula do curso intensivo.
- Para o destino de Londres, acompañamento de monitor/a da empresa fornecedora do servizo e/ou un docente da EOIV no caso de grupos para vinte ou máis persoas, e transporte o 1º e último día dende o aeroporto de Londres ate a Residencia e viceversa, motivado polo grande número de bolsas que contén o destino de Inglaterra.
- Seguro médico, de asistencia na viaxe e cancelación previa e durante a estancia.

Dun xeito resumido, as características básicas das bolsas son as seguintes:

- Dirixidas ao alumnado que curse os seus estudos no presente curso académico 2017-2018, na sede central da EOIV (r/ Martínez Garrido) ou en calquera das súas seccións, en calquera dos niveis Intermedio I e II , Avanzado I e II e C1 dos Departamentos dos idiomas de inglés, francés e italiano; nos niveis Intermedio I e II ,Avanzado I e II do Departamento do idioma alemán; nos niveis Avanzado I e II e C1 do Departamento do idioma Portugués; nos niveis Intermedio I, II e III, Avanzado I e II do Departamento do idioma Xaponés e nos niveis Intermedio I, II e III do Departamento do idioma de Chinés. Establécese un número de bolsas aproximadamente proporcional ao número de alumnos/as matriculados na EOIV nas distintas especialidades.
- Financiarase, ata o límite económico indicado para cada bolsa, a realización íntegra do “programa de Estancias Lingüísticas no Estranxeiro” promovido pola EOI de Vigo. Este programa esencialmente consta da estancia, alternativamente, nas capitais de Inglaterra, Francia, Alemania, Italia, Portugal, Xapón e China (cidades a concretar nestes dous últimos países), coa realización dun curso especializado de perfeccionamento no idioma respectivo, impartido por unha entidade homologada no país de destino.
- A realización efectiva por parte do alumnado do programa subvencionado deberá realizarse dentro do ano 2018 e, consecuentemente, a xustificación da subvención, deberá realizarse antes do remate do mes de setembro do ano 2018.

- Establécese un procedemento de selección de beneficiarios/as mediante a aplicación dun baremo expreso e dictame dunha comisión de valoración formada por técnicos do Concello de Vigo e da EOIV, presidida pola Concelleira-Delegada de Educación.

Para acometer o gasto global de 160.000.-€ na convocatoria do ano 2018, consonte á base 29ª de execución orzamentaria vixente, tramítase esta convocatoria de subvencións como anticipado de gasto con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 (Becas estudos internacionais EOIV) do exercicio de 2018, quedando esta contía de 160.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nese exercicio orzamentario futuro.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2018.

SEGUNDO: Aprobar o texto da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para Estancias Lingüísticas no estranxeiro de alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano

2018, e o extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto de 160.000 euros con cargo á partida presupostaria 3260.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV” do ano 2018, para a cobertura das 92 bolsas “Concello de Vigo” de estancias lingüísticas no estranxeiro de alumnado da EOIV ano 2018, quedando esta contía de 160.000.-€ supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente no exercicio orzamentario futuro de 2018.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(916).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2017. EXPTE. 7137/335.

Dáse conta do informe-proposta do 30/08/17, do técnico de Xestión do servizo de Festas, conformado pola concelleira-delegada de área:

“Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2016, faise a seguinte

PROPOSTA:

*Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas, autorizados polos concelleiros delegados de Festas, o mes de agosto de 2017.*

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR CORRESPONDENTES AO PERÍODO DO 1 AO 13 DE AGOSTO DE 2017 TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS, AUTORIZADOS POLA CONCELLEIRA DELEGADA.

Expte: 7058/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DOS CATRO ESPECTÁCULOS CATIVO MUSICAIS (VIGO EN FESTAS 2017).

Decreto concelleira data: 01/08/2017

Informe Intervención: RCM 74725

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA

Importe total: 19.366,66 EUROS

Expte: 7059/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DO CONCERTO DE PAULA ROJO (VIGO EN FESTAS 2017).

Decreto concelleira data: 01/08/2017

Informe Intervención: RCM 74726

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA

Importe total: 5.086,84 EUROS

Expte: 7064/335. CONTRATACIÓN DAS LUCES E SON PARA OS ESPECTÁCULOS CATIVO MUSICAIS E PARA O CONCERTO DE PAULA ROJO (VIGO EN FESTAS 2017).

Decreto concelleira data: 02/08/2017

Informe Intervención: RCM 75468

Adxudicatario: FLUGE GALICIA SL

Importe total: 18.150,00 EUROS

Expte: 7065/335. CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE CADEIRAS PARA O AUDITORIO DE CASTRELOS POLOS EVENTOS CATIVO MUSICAIS (VIGO EN FESTAS 2017).

Decreto concelleira data: 02/08/2017

Informe Intervención: RCM 74727

Adxudicatario: SOLIMUSIC EVENTS SLU

Importe total: 6.776,00 EUROS

Expte: 7100/335. CONTRATACIÓN DO REFORZO DE PANTALLAS PARA OS ESPECTÁCULOS CATIVO MUSICAIS (VIGO EN FESTAS 2017).

Decreto concelleira data: 07/08/2017

Informe Intervención: RCM 76600

Adxudicatario: GLOBAL SETUP SL

Importe total: 5.808,00 EUROS

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR CORRESPONDENTES AO PERIODO DO 14 AO 27 DE AGOSTO DE 2017 TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS, AUTORIZADOS POLO CONCELLEIRO DELEGADO.

Expte: 7125/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE "A FESTA DA AUGA"

Decreto concelleira data: 24/08/2017

Informe Intervención: RCM 80499

Adxudicatario: VIGO MULTIMEDIA SLU

Importe total: 19.965,00 EUROS"

A Xunta de Goberno Local queda informada.

13(917).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2017. EXPTE. 7906/224.

Dáse conta do informe-proposta do 04/09/17, da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de xullo e agosto do ano 2017.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
7854-224	CMSE	Xornadas contra a violencia de xénero	Xenérico	23112260602	20/07/17	6.000,00 €
7893-224	CMSE	Impartición obradoiros de coeducación nos centros de ensino público de setembro a decembro	Asociación de Mulleres Progresistas	23112279906	31/07/17	7.160,00 €
7866-224	CMSE	Programación de obradoiros na Casa das Mulleres 2º semestre 2017	Xenérico	23112279906	03/08/17	3.800,00 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

14(918).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO 2017. EXPTE. 7605/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 01/09/17, dáse conta do informe-proposta do 19/07/19, da axente de Igualdade de Oportunidades, conformado pola xefa do servizo de Igualdade, pola concelleira-delegada de área, polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e asinado así mesmo polo secretario de Admon. Municipal:

"A Xunta de Goberno Local do día 27/04/2017 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2017.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 64.000,00€ (sesenta e catro mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311.4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse nos Boletín Oficial da Provincia os días 09.05.2017 e 16.05.2017, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 18 de maio e rematou o 31 de maio de 2017.

No Rexistro Xeral do Concello de Vigo recibíronse 64 solicitudes presentadas no prazo estipulado. A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Ás entidades que presentaron unha documentación incompleta, requiríuselles para completar a documentación ou subsanar as deficiencias no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera, se lle terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Mar Soto García, axente de Igualdade e D^a Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 17 de xullo de 2017 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. (Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e unha táboa que reflicte o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"1º.- Conceder, con cargo á partida "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades para os programas, proxectos ou actividades desenvolvidas no ano 2017 dentro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres", por un importe total de sesenta e tres mil novecentos e noventa e nove euros con trinta e sete céntimos (63.999,37€); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contía das axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instructor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa:

Segundo o estipulado na Base Sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base Quinta.

Logo do estudo da documentación que acompaña ás 64 solicitudes a Comisión de Avaliación acorda desestimar as seguintes entidades polos motivos que se indican a continuación:

a) Por non cumprir o requirimento de completar a documentación, ou corrixir as deficiencias, sinaladas na notificación que lle foi enviada polo órgano instructor do procedemento (Base Décimo Segunda):

- Entidade “San Miguel de Oia Asociación Veciñal”, con CIF: 636648640
- Entidade “Asociación cultural veciñal Pedra Moura”, con CIF: G36973840
- Entidade “Sociedad Cultural y Deportiva Nautilus”, con CIF: G36631703

b) Por non cumprir o requisito de que a entidade se atope debidamente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da súa solicitude (apartado 1b) da Base Quinta).

- Entidade “Fundación Escola Rosalía” con CIF: G27787399

c) Porque a xuízo da Comisión de Valoración a materia do proxecto non se axusta aos obxectivos da convocatoria (apartado 2g) da Base Quinta), e por considerar que o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo (apartado 2b) da Base Quinta).

- Entidade “Asociación Benéfica Beiramar de Vigo”, con CIF: G36634608. Proxecto: “Atrapados na Rede”

d) Porque a xuízo da Comisión de Valoración, as persoas destinatarias das accións do proxecto presentado non se corresponden co estipulado no apartado III da Base Primeira, e por considerar que a materia do proxecto non se axusta aos obxectivos da convocatoria (apartado 2g) da Base Quinta).

- Entidade “AFIBROPO. Asociación de Fibromialxia e SFC da provincia de Pontevedra”, con CIF: G36846822. Proxecto: “ Musicoterapia terapéutica”.

e) Por non acadar a puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1 da dita base Sétima, polo que de acordo co establecido na mesma base e no punto 2j) da Base Quinta, estes proxectos non serán subvencionables, xa que de non chegar a esta puntuación indica unha mala definición e calidade do proxecto presentado:

- “Asociación Mulleres en Igualdade de Vigo”, con CIF: G27712306 para o proxecto: “Mulleres viguesas referentes”.
- “Asociación Cultural da Vila de Bouzas”, con CIF: G27832856 para o proxecto “Mulleres de Bouzas”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: RELACION DE ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS. ANO 2017

SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	NOME DO PROGRAMA:	Puntos concedidos	Contía solicitada	Contía concedida
G15773013	Asoc. CNG da Marcha Mundial das Mulleres	MMM: CONCIENCI-A-NDO	32,50	1.100,00 €	1.100,00 €
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	30,50	1.620,00 €	1.498,37 €
G36657336	Asoc. Mulleres Progresistas	VI Premio de microrrelatos "Mulleres Progresistas"	29,50	2.500,00 €	1.451,57 €
G36810752	Asoc. Mulleres Xestas	Novidades no deseño artístico floral	15,00	1.575,00 €	772,97 €
G36662971	Asoc. Mulleres Lúa de Bembrive	Ximnasia e relaxación para vivir mellor	20,50	3.500,00 €	1.030,37 €
G36821817	Asoc. Amas de casa e consumo Agarimo	Psiconutrición-Aprende a comer coa cabeza	18,00	1.800,00 €	913,37 €
G36928646	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos	Corpo e consciencia	29,25	1.944,50 €	1.439,87 €
G15383011	Unión Xeral de Traballadores de Galicia UGT	XXII Encontro Sindical da Muller	49,00	3.500,00 €	2.364,17 €
G15103112	Sindicato Nacional de CCOO Unión Comarcal de Vigo	XXII Encontro Sindical da Muller	49,00	3.500,00 €	2.364,17 €
G36706927	Confederación Intersindical Galega CIG	Empoderamento das palabras + encontro entre mulleres e palabras	34,00	4.863,96 €	1.662,17 €
G36632081	A VVde Beade AVCU-CSCR	Deseñando para ti	27,00	1.746,80 €	1.334,57 €
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Nadal. Tempo de crear	17,00	680,00 €	680,00 €
G36623593	AVV Monte da Mina de Castrelos	Rest - arte e decoración con materiais de derribo	15,00	2.585,00 €	772,97 €
G36709004	AV Doutor Fleming	Por Ti Muller	14,00	2.700,00 €	726,17 €
G36648988	AVCD San Xurxo de Saiáns Vigo	Cerámica de iniciación	17,50	1.170,00 €	889,97 €
G36617082	CCAR de Valladares	Ocúpate, consérvate e divértete. Teñámonos en conta.	28,00	3.000,00 €	1.381,37 €
G36648293	A VV do Calvario	Curso Informática-Internet	18,00	1.500,00 €	913,37 €
G36633428	SCRD Helios	Técnicas de mellora para a saúde	15,50	1.890,00 €	796,37 €
V36658680	CRC de Cabral	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	25,50	1.620,00 €	1.264,37 €
G36659894	AVV de San Roque	Manter en forma o estado físico	13,00	4.000,00 €	679,37 €
G36627495	CRA e Cultural de Coruxo	Plan muller en Coruxo 2017	18,50	8.756,82 €	936,77 €
V36655017	AVV Fonte do Galo	Psiconutrición: Aprende a comer coa cabeza	18,00	1.800,00 €	913,37 €
G36684991	AVV As Fontes de Lavadores	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	25,50	1.390,00 €	1.264,37 €
G36649325	AVV de Sárdoma O Carballo	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	25,50	1.620,00 €	1.264,37 €
G36648996	Sociedad Cultural Recreativa de Pardavila	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	25,50	1.390,00 €	1.264,37 €
G36842284	AVV Praza da Miñoca	Iniciación ás novas tecnoloxías	16,00	1.980,00 €	819,77 €
G36729796	AVV Feira Cabral	Mulleres: Así fomos, así somos, así queremos ser. Historia, arte, cine, cultura.	25,50	1.390,00 €	1.264,37 €

ANEXO I: Continuación

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	NOME DO PROGRAMA:	Puntos concedidos	Contía solicitada	Contía concedida
G36640985	A VV As Nosas Rúas de Vigo	Adestra e recupera a túa memoria	18,00	1.800,00 €	913,37 €
G36633618	AVCD de Consumidores e Usuarios Lavadores	Iniciación ó Patronaxe Industrial	18,50	2.400,00 €	936,77 €
G36654184	A VV O Freixo	Informática	25,00	1.200,00 €	1.200,00 €
G27771195	A Veciñal Novo Vigo	Escola de empoderamento	18,75	1.050,00 €	948,47 €
G36654036	A VV San Pedro de Matamá La Unión	Mulleres e novas tecnoloxías	25,50	1.620,00 €	1.264,37 €
G36628543	Asoc. Cultural e Deportiva Xestas	Coidado das plantas de interior	15,00	1.575,00 €	772,97 €
G36622793	A VV Cristo da Victoria	Comunicación a través de internet e do mobil	16,00	1.300,00 €	819,77 €
G36697324	Down Vigo. Asoc. Síndrome de Down	Muller: Educación para a saúde	30,00	3.000,00 €	1.474,97 €
G36622835	Asoc. De Personas Sordas de Vigo	XI Edición: O Empoderamento das mulleres xordas	27,00	660,00 €	660,00 €
G27718907	Asoc. Nós Mesmas	A banda morada	30,00	780,00 €	780,00 €
G27728658	Asoc. Faraxa pola abolición da prostitución	Potenciar ó asociacionismo de Faraxa nas redes sociais e difusión na cidadanía de Vigo	24,50	5.760,00 €	1.217,57 €
G27783950	Asociación Diversidades	Am drepturi-Obradoiros	22,50	2.973,33 €	1.123,97 €
G36627453	Asoc. Viguesa de Alcoholoxía ASVIDAL	Constrúe III	28,00	1.490,00 €	1.381,37 €
G15220577	Asoc. Gallega de Hemofilia	Empoderemos 2017	31,00	736,00 €	736,00 €
G36642726	Asoc. Axuda ao Toxicómano Érguete	Convivencia e respecto entre iguais no colectivo das adicións	25,00	850,00 €	850,00 €
G36861078	Fundación Érguete Integración	Curso de dependenta de comercio	33,00	2.810,00 €	1.615,37 €
G27814821	Asoc. Cultural Blanco Nájera	Implantación de plans de igualdade en ámbitos socioprofesionais	22,50	2.080,00 €	1.123,97 €
G27745397	Fundación para la pesca y marisqueo	III Xornadas divulgación sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro. Novos retos	34,00	2.909,50 €	1.662,17 €
G28197564	Asc Española contra el cáncer Vigo	Curso de formación e intervención en comedores escolares	24,25	2.500,00 €	1.205,87 €
G27842673	Elasong Asociación Cultural	Tes Voz	22,50	3.000,00 €	1.123,97 €
G82453606	Fundación Aldaba	Ledicia	27,00	3.000,00 €	1.334,57 €
G36621704	Anpa Paraixal Teis	Educando en Igualdade	31,00	1.458,85 €	1.458,85 €
G27843267	Asociación 85C	Evento 85C	22,00	1.200,00 €	1.100,57 €
G27727593	Asoc. Acción Solidaria de Galicia	Mulleres e emprendemento	16,50	700,00 €	700,00 €
G36802536	Asociación de Ayuda a la Vida AYUVI	Obradoiro de Panadería	20,50	1.300,00 €	1.030,54 €
G36769495	Asociación Mulleres Rurais Comesaña	Elaboración de xabóns naturais	27,00	875,00 €	875,00 €
G36998896	Fundación Cluster de Conservación de Productos del Mar	III Xornadas divulgación sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro. Novos retos	34,00	2.909,50 €	1.662,17 €
G27825462	CEAVIGAL	Creando una nueva masculinidad	21,00	2.940,00 €	1.053,77 €
G27826999	Asoc. Empresarias de Galicia	La mujer es empresa. Sueña, cree y crea	25,25	1.210,00 €	1.210,00 €
			1367,50	TOTAL CONTÍA	63.999,37 €

15(919).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUEIRO E MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL- ANO 2017. EXPTE. 7619/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/07/17 e o informe de fiscalización do 31/08/17, dáse conta do informe-proposta do 28/07/17,

do xefe do servizo de Participación Cidadá, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 05-07-2017 (doc. 170096813), D. Pedro Pereira Carballo, en calidade de presidente da *Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo* (CIF: G-36899375), solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos de alugueiro e mantemento do local da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade durante os meses de xaneiro a outubro de 2017.

Segundo certificación do Secretario da Fundación, de 12-06-2017, e conforme ao art. 15 dos seus estatutos, será o presidente, D. Pedro Pereira Carballo a persoa responsable de actuar en nome da entidade ante a administración local, polo tanto, para a sinatura do convenio.

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado. Polo tanto, solo poderán exercer competencias distintas das propias o as atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.

Neste sentido, o artigo art. 3.3.b) da nova *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local*, a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores**, tal é como se nos presenta neste suposto, xa que unha das principais funcións do Servizo de Participación é o fomento do asociacionismo que se materializa a través da convocatoria pública de subvencións e por medio da sinatura de convenios con diferentes asociacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e, particularmente, coa Fundación Provincial de Alimentos coa que se leva colaborando activamente nos últimos anos:

- Ano 2012: Convenio de colaboración. Expte: 5825-320
- Ano 2013: Convenio de colaboración: Expte: 6275-320
- Ano 2014: Convenio de colaboración: Expte: 6725-320

- Ano 2015: Convenio de colaboración: Expte. 7179-320

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. XUSTIFICACIÓN

O artigo 22.2.c) da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en diante), posibilita a concesión directa daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Neste caso, tratase de fomentar de actuacións en apoio e atención ás persoas máis necesitadas e de loita contra a pobreza e a marxinação, o desenvolvemento de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, caritativos, humanitario educativos, formativos, así como, de información, promoción e organización de accións orientadas a achegar axuda as persoas con necesidades básicas especiais.

Debido a actual situación de crise o nivel de actividade da asociación aumentou de forma exponencial nos últimos anos o que supuxo a imperiosa necesidade de buscar un novo local social de maior capacidade para levar a cabo as funcións de clasificación, almacenaxe e distribución dos alimentos que distribúen periodicamente entre máis de 130 entidades receptoras que atenden a máis de 6.000 familias:

- Asociacións benéficas (Alborada, AFAN, AYUVI, Médicos de Mundo, Red Madre...)
- Residencias e asilos (Asilo de anciáns Santa Marta...)
- Comedores benéficos (Vida Digna...)
- Garderías e comedores infantís (Comedor Nuestra Señora Esperanza...)
- Centros de acollida para toxicómanos (MADRO, RETO...)
- Centros de discapacitados
- Conventos e colexios
- Cáritas parroquiais
- Igrexas evanxélicas...etc.

O principal motivo que acredita o carácter singular desta subvención é o beneficio social e económico resultante desta rede de colaboración encabezada e coordinada pola Fundación Banco de Alimentos, da que se beneficia en último término un elevado número de veciños e veciñas de Vigo. Este tipo de actividades complementan os servizos ofertados polas diferentes administracións, e incluso, canalizan necesidades especiais as que non chegan os servizos públicos, ao tempo que promoven a solidariedade e implicación da sociedade na problemática das persoas en risco de exclusión social.

A subvención obxecto do presente expediente canalizarase, de conformidade co art. 26.1 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG, en diante), a través de convenio.

Consultados os arquivos do servizo de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, está

inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 836/03, segundo Decreto de Alcaldía de data 28/02/03.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2017, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, en especial, os gastos de alugueiro, electricidade e teléfono do seu local social, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recolle art. 6 dos seus Estatutos, a fundación ten como finalidade contribuír e achegar resposta aos problemas de fame, marxinação, paro, pobreza, mediante a recadación e distribución de excedentes e doazóns de alimentos e demais bens propios dunha organización caritativa, proporcionando solucións colectivas en ámbitos asistenciais, laborais, formativos. Para o cumprimento do seu fin, a fundación realiza entre outras actividades, todas elas de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Establecer os contactos oportunos para conseguir gratuitamente os excedentes do sector agroalimentario, cadeas de distribución, ...
- ✓ Obter achegas de alimentos do grande público, por medio de colectas en centros comerciais, colexios, ...
- ✓ Darlle publicidade aos seus fins e necesidades, a fin de recabar a axuda que sexa precisa
- ✓ Solicitar axudas económicas de todo tipo

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa *Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo*, para subvencionar os gastos de mantemento do seu local social necesarios para levar a cabo as actividades socioasistenciais, humanitarias e de loita contra a pobreza e a marxinação programadas pola entidade para o ano 2017, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflicten as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal prorrogado, a partida presupostaria nº 9240 4890000, denominada "*Subvencións a entidades cidadás*".

A contía do presente convenio é de **14.520,00 €**.

DOCUMENTACIÓN

A *Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo*, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 03/04/2017
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 03/04/2017
 - Seguridade Social, de data 03/07/2017
 - Concello de Vigo, de data 24/07/2017
2. Declaracións responsables do presidente da asociación de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, de non ter solicitado nin percibido outras axudas para a mesma finalidade, así como, de non ser debedor, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud expresa, do presidente da Fundación, de formalización do convenio.
2. Certificacións do secretario da entidade segundo o cal, a Xunta Directiva acordou solicitar a formalización do convenio, e sobre a facultade do presidente da entidade para actuar en nome da fundación, do que se acompaña fotocopia de DNI.
3. Certificación bancaria: ES40 2080 5113 0630 4000 9557
4. Contrato de arrendamento do local social.
5. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2017, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de alugueiro e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro. O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DERIVADOS DO ALUGUEIRO E MANTEMENTO (xaneiro-outubro)	
Alugueiro local social	10.200,00 €
Electricidade	4.200,00 €
Teléfono	600,00 €
TOTAL	15.000,00 €

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

Seguindo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto,

obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de novembro de 2017**.

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38^a.8 das BEP.

A vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención Xeral sobre a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e, de conformidade co art. 127.1.g) da LRBRL, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de **14.520,00 €**, con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2017, a favor da entidade *Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo*.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo* (CIF: G-36899375), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2017, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 14.520,00 €.

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO, PARA A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUEIRO E MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL NO ANO 2017 (XANEIRO-OUTUBRO)

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Pedro Pereira Carballo, con DNI 33105786-Y, en calidade de Presidente da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo (CIF: G-36899375), con domicilio social no Camiño de Moiana, nave 1-3, Sárdoma, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7619/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de actuacións en apoio e atención ás persoas máis necesitadas e de loita contra a pobreza e a marxinação, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas ao desenvolvemento de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, caritativos, educativos, formativos, así como, de información, promoción e organización de accións orientadas a achegar axuda as persoas con necesidades básicas especiais, sendo a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, ten como finalidade contribuír e achegar resposta aos problemas de fame, marxinação, paro, pobreza, mediante a recadación e distribución de excedentes e doazóns de

alimentos e demais bens propios dunha organización caritativa, proporcionando solucións colectivas en ámbitos asistenciais, laborais, formativos. Para o cumprimento do seu fin, a fundación realiza entre outras actividades, todas elas de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ *Establecer os contactos oportunos para conseguir gratuitamente os excedentes do sector agroalimentario, cadeas de distribución, ...*
- ✓ *Obter achegas de alimentos do grande público, por medio de colectas en centros comerciais, colexios, ...*
- ✓ *Darlle publicidade aos seus fins e necesidades, a fin de recabar a axuda que sexa precisa*
- ✓ *Solicitar axudas económicas de todo tipo*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 836/03.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2017, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre os meses de xaneiro e outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, en particular, aos gastos de alugueiro e mantemento do local social.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV ("Transferencias correntes") do seu vixente orzamento municipal (2017), a aplicación orzamentaria nº 9240.4890000, denominada "Subvencións a entidades cidadás".

VII.- As actividades programadas pola Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo para o 2017, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- *procurar alimentos, recuperando excedentes alimentarios da sociedade en xeral, a través de operacións puntuais en áreas comerciais, doazóns ocasionais, operacións quilo en colexios, empresas, asociacións, centros comerciais...*
- *clasificar, ordenar e conservar nas súas instalacións os alimentos recadados, con axuda de voluntarios*
- *repartir os alimentos entre as entidades lexitimadas e rexistradas oficialmente.*

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2017, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social situado no Camiño Moiana, nave 1-3, Sárdoma (Vigo) entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, en particular, os gastos de alugueiro e de mantemento, cuxa contía total neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DERIVADOS DO ALUGUEIRO E MANTEMENTO (xaneiro-outubro)	
Alugueiro local social	10.200,00 €
Electricidade	4.200,00 €
Teléfono	600,00 €
TOTAL	15.000,00 €

IX.- Que a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo non incorrer en ningunha circunstancia e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo unha subvención por importe de 14.520,00 €, con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890000, denominada "Subvencións a entidades cidadás", do vixente orzamento municipal (2017), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento do local da asociación entre os meses de xaneiro a outubro, en especial, os gastos de alugueiro e mantemento, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades para o ano 2017, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2017.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de novembro de 2017**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Actuacións realizadas.
5. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
6. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de

base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente*

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- cando se xustifiquen gastos de alugueiro, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*

e) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

f) *A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

g) *Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- *No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) *acreditarse a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.*

Noveno.- *A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número: ES40 2080 5113 06 3040009557 (Abanca)*

Décimo .- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2017, no período comprendido entre o 01-01-17 e o 31-10-17.*

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo primeiro.- *A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no*

seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2017."

16(920).- PRÉSTAMO TEMPORAL DAS OBRAS “TERTULIA NA LAREIRA” E “REPOUSO” DE ALFONSO R. CASTELAO Á REAL ACADEMIA DE BELLAS ARTES DE SAN FERNANDO (MADRID) PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL. EXPTE. 1936/341.

Dáse conta do informe-proposta do 04/09/17, do xefe do servizo de Museos Municipais, conformado polo secretario do Pleno e polo concelleiro-delegado de Cultura:

"ANTECEDENTES.

Con fecha 5 de julio de 2017 se recibe vía correo electrónico un escrito de D. Miguel Fernández Cid (en papel de la Fundación Gonzalo Torrente Ballester), en su calidad de comisario de la exposición que denomina “Castelao grafista” en el que informa sobre la solicitud de incorporación de dos obras de la colección de arte gallego de la Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego a la exposición que tendrá lugar en la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando entre el 28 de septiembre y el 26 de noviembre de 2017. La exposición estará integrada por más de 200 obras procedentes de diversos museos y colecciones particulares

Con fecha 17 de julio de 2017 el Académico-Delegado del Museo de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, D. José María Luzón Nogué, remite escrito al Alcalde de Vigo solicitando el préstamo de dos obras de Castelao que se encuentran en la colección de arte gallego de la Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego (Casa Galega da Cultura), propiedad municipal por donación de D. Francisco, para la citada exposición, que se inaugurará el 28 de septiembre próximo y estará abierta al público entre el 29 de setiembre y el 26 de noviembre de 2017. También adjuntan el Facility Report y las fichas de préstamos de las dos obras. La exposición promovida por la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando cuenta con la con el apoyo de la Fundación MAPFRE y la Fundación Gonzalo Torrente Ballester.

Fechas de préstamo: La entidad solicitante no precisa fechas exactas de recogida y devolución, por lo que se establecen períodos de 15 días naturales anteriores y posteriores a la muestra.

Valoración de obras: La técnica superior de la Casa Galega da Cultura, con fecha 21 de agosto, envía ficha técnica de las obras solicitadas en préstamo temporal y se establece una valoración de 7.100 € para cada una de ellas, que resulta similar a la valoración que han establecido para otras obras propiedad de la Fundación Penzol, también solicitadas para esta misma exposición.

Los datos de la exposición y de las obras solicitadas en préstamo son los siguientes:

Datos de la exposición.

- **Exposición:** “Castelao grafista. Pinturas, dibujos y estampas”
- **Entidad promotora y beneficiaria del préstamo:** Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (Madrid).
- **Lugar da exposición:** sede madrileña de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (Alcalá 13, 28014 Madrid)

- **Fechas de la exposición:** inauguración el 28 de septiembre y apertura al público, del 28 de septiembre al 26 de noviembre de 2017.

Datos de las obras solicitadas en préstamo.-

- **1.- Título:** “Tertulia na lareira”
- **Artista:** Alfonso R., Castelao
- **Técnica:** Tinta sobre papel
- **Fecha:** 1908
- **Dimensiones:** 28x32 cm sin marco (con marco: 31x35 cm)
- **Valor a efecto de seguro:** 7.100 €
- **Localización de la obra, lugar de recogida y devolución:** Colección de arte galega “Francisco Fernández del Riego”. Casa Galega da Cultura. Plaza de la Princesa, 2. 36201 Vigo.
- **Período del préstamo:** del 14 de septiembre al 11 de diciembre de 2017.

- **2.- Título:** “Repouso”
- **Artista:** Alfonso R., Castelao
- **Técnica:** Tinta sobre papel
- **Fecha:** 1908
- **Dimensiones:** 33x48 cm sin marco (con marco: 35x50 cm)
- **Valor a efecto de seguro:** 7.100 €
- **Localización de la obra, lugar de recogida y devolución:** Colección de arte galega “Francisco Fernández del Riego”. Casa Galega da Cultura. Plaza de la Princesa, 2. 36201 Vigo.
- **Período del préstamo:** del 14 de septiembre al 11 de diciembre de 2017.

La Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (Madrid) presentan con la solicitud el formulario de préstamo y el relatorio de condiciones técnicas (Facility Report) para una exposición en la sede madrileña de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, en el que se describen, las características del edificio, las características técnicas, de iluminación y de seguridad, así como las condiciones de las salas de exposiciones.

Los detalles expuestos en el Facility Report acreditan que las salas reúnen las condiciones adecuadas para acoger las obras solicitadas en préstamo temporal y la entidad promotora, Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (Madrid) tiene acreditada su capacidad de gestión y programación en el ámbito expositivo.

Para el Ayuntamiento de Vigo también resulta de interés la participación de obras de sus colecciones en exposiciones de centros de arte, como forma de destacar su importancia y de divulgar el patrimonio artístico municipal, concretamente el de la colección de arte de la “Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego”.

DISPOSICIONES LEGALES.

* Ley 7/85, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local

* RD 1372/1986, de 13 de junio, de Reglamento de Bienes de las Entidades Locales.

* Resolución da delegación de competencias da Alcaldía, de data 19 de xuño de 2015, que establece, entre outras, a seguinte delegación na concellería-delegada da Área de Cultura: b) En materia de Museos (...) 10.- *Gestionar programas de desarrollo de las colecciones y bienes artísticos actuales, tanto en lo relativo a la incorporación de nuevos elementos (adquisiciones,*

donaciones, depósitos,...), como al préstamo temporal de elementos de las mismas; en ambos casos estableciendo las condiciones y requisitos correspondientes”.

*Ley 5/ 2016, do 4 de mayo de 2016, del patrimonio cultural de Galicia (LPCG)

La colección de arte gallego Francisco Fernández del Riego, no reúne bens catalogados incluídos en el Catálogo del Patrimonio Cultural de Galicia a través de los mecanismos previstos en la LPCG, artículos 25 a 29, por lo que no disponen de un nivel de protección específico, de acuerdo con esta ley, ni hay obligación de solicitar autorización o comunicara a la consellería competente sobre los movimientos o intervenciones sobre las obras objeto de este préstamo temporal, como ocurriría en los casos de bienes catalogados o de interes cultural.

La colección de arte gallego de la Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego tampoco está calificada como colección visitable de acuerdo con lo establecido en los artículos 112 y 113 de la LPCG, por lo que el préstamo temporal de las citadas obras solicitadas en préstamo temporal no precisarían de autorización de la Consejería de Cultura.

Por lo expuesto, con la conformidad del concejal-delegado del Área de Cultura y visto bueno del Secretario General del Pleno, se hace la siguiente:

PROPUESTA A LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL.

1.- “Autorizar el préstamo temporal a la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (Madrid), de dos obras de las colecciones artísticas del Ayuntamiento de Vigo para una exposición temporal, de acuerdo con los siguientes detalles:

Datos de la exposición.

- **Exposición:** “Castelao grafista. Pinturas, dibujos y estampas”
- **Entidad promotora y beneficiaria del préstamo:** Real Academia de Belas Artes de San Fernando.
- **Lugar de la exposición:** sede madrileña da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.
- **Fechas de la exposición:** inauguración el 28 de septiembre y apertura al público, del 28 de septiembre al 26 de noviembre de 2017.

Datos de las obras solicitadas en préstamo.-

- **1.- Título:** “Tertulia na lareira”
- **Artista:** Alfonso R. Castelao
- **Técnica:** Tinta sobre papel
- **Fecha:** 1908
- **Dimensiones:** 28x32 cm sin marco (con marco: 31x35 cm)
- **Valor a efecto de seguro:** 7.100 €
- **Localización de la obra, lugar de recogida y devolución:** Colección de arte galega “Francisco Fernández del Riego”. Casa Galega da Cultura. Plaza de la Princesa, 2. 36201 Vigo.
- **Período del préstamo:** del 14 de septiembre al 11 de diciembre de 2017.

- **2.- Título:** “Repouso”
- **Artista:** Alfonso R. Castelao
- **Técnica:** Tinta sobre papel
- **Fecha:** 1908
- **Dimensiones:** 33x48 cm sin marco (con marco: 35x50 cm)
- **Valor a efecto de seguro:** 7.100 €

- **Localización de la obra, lugar de recogida y devolución:** Colección de arte galega "Francisco Fernández del Riego". Casa Galega da Cultura. Plaza de la Princesa, 2. 36201 Vigo.
- **Período del préstamo:** del 14 de septiembre al 11 de diciembre de 2017.

2.- "El préstamo queda condicionado a la aceptación escrita, por parte de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (Madrid), como entidad promotora de la exposición, de las condiciones generales de préstamo que se adjuntan al expediente".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(921).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CARLOS CASARES, PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017. EXPTE. 1339/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/08/17 e o informe de fiscalización do 01/09/17, dáse conta do informe-proposta do 21/07/17, do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

"Con data do Rexistro Xeral 19 de xullo pasado, a Fundación Carlos Casares presenta escrito de solicitude de subvención para o programa de actividades relacionadas co DÍA DAS LETRAS GALEGAS a realizar durante o exercicio 2017; por este motivo, con data 20 de xullo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 18.000 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada no ano 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia. O *Día das Letras Galegas 2017* foi adicado ao escritor Carlos Casares, polo que a fundación programou un amplo programa de actividades por toda Galicia.

PROGRAMA:

Mesa redonda "A muller na obra de Carlos Casares"

4 de maio, 19:00 h
Casa Galega da Cultura

Exposición "O Principiño ao redor do mundo. A colección de Carlos Casares"

Do 10 ao 28 de maio
Casa Galega da Cultura

Café Voltaire. O sabor das letras: “O Carlos Casares menos coñecido. Unha celebración”

10 de maio, 20:00 h
MARCO

Faladoiro sobre Carlos Casares na Biblioteca Juan Compañel

20 de maio, 12:30 h
Biblioteca Juan Compañel

Exposición “Carlos Casares e a Fotografía”

Do 3 de agosto ao 3 de setembro
Casa Galega da Cultura

Exposición “Os Mundos de Carlos Casares”

Do 18 de setembro ao 5 de novembro
Casa das Artes

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 20.000 € (vinte mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 18.000 € (90%)
- Deputación Provincial de Pontevedra: 2.000 € (10%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito da Fundación Carlos Casares de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa de actividades do *DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017*.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Carlos Casares, para a organización do programa de actividades do DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD

887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Fundación Carlos Casares deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- o interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo.
- a evidente exclusividade que ten a entidade na organización da actividade proposta, ao representar ao escritor elixido para a celebración do DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017
- a repercusión a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da cultura
- a complementariedade que supón a actividade proposta para a programación cultural municipal.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Fundación Carlos Casares ten como obxecto financiar a organización do programa de actividades do **DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017** con cargo á partida 3340.489.00.06 “SUBVENCIÓN CULTURAL”, a concesión dunha subvención por importe de 18.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Fundación Carlos Casares é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***“PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 18.000 € (dezaoto mil euros) á Fundación Carlos Casares, CIF. G-36907244, para o financiamento do programa de actividades do **DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017**, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 “SUBVENCIÓN CULTURAL”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.-** Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Carlos Casares que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de actividades do **DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CARLOS CASARES, PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante **CONCELLERÍA**), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Francisco Javier Casares Mouriño, na súa condición de presidente da Fundación Carlos Casares (CIF: G-36907244) (en adiante a **ENTIDADE**), con enderezo social en rúa Oporto, 1, CP 36201, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada no ano 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia. O Día das Letras Galegas 2017 foi adicado ao escritor Carlos Casares, polo que a fundación programou un amplo programa de actividades por toda Galicia.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FUNDACIÓN CARLOS CASARES**, concretamente nas actividades do **DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura na cidade.

III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo colaborará no citado programa con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, a favor da **FUNDACIÓN CARLOS CASARES**, coa cantidade de 18.000 euros.

IV.- Que o **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver as actividades programadas para o **DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017** durante o exercicio 2017, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.000 € (vinte mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 18.000 € (90 %)
- Deputación Provincial de Pontevedra: 2.000 € (10 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Mesa redonda “A muller na obra de Carlos Casares”

4 de maio, 19:00 h
Casa Galega da Cultura

Exposición “O Principiño ao redor do mundo. A colección de Carlos Casares”

Do 10 ao 28 de maio
Casa Galega da Cultura

Café Voltaire. O sabor das letras: “O Carlos Casares menos coñecido. Unha celebración”

10 de maio, 20:00 h
MARCO

Faladoiro sobre Carlos Casares na Biblioteca Juan Compañel

20 de maio, 12:30 h
Biblioteca Juan Compañel

Exposición “Carlos Casares e a Fotografía”

Do 3 de agosto ao 3 de setembro
Casa Galega da Cultura

Exposición “Os Mundos de Carlos Casares”

Do 18 de setembro ao 5 de novembro
Casa das Artes

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Garrido García, secretario da mesma.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (18.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto

subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

1. Solicitude de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite o 30 de novembro de 2017.
2. Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
3. Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.

3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con

outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO

**ORZAMENTO DO PROGRAMA
DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017**

1.- GASTOS:

Conferenciantes	1.800 €
Comisariados e labores relacionadas	4.100 €
Deseño e impresión de elementos expositivos	2.100 €
Deseño de espazos expositivos	800 €
Alugueres de diversos servizos técnicos	9.050 €
Gastos de representación e administrativos	1.050 €
Seguros	1.100 €
TOTAL GASTOS	20.000 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	18.000 €
Deputación provincial de Pontevedra	2.000 €
TOTAL INGRESOS	20.000 €

18(922).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE XULLO DE 2017. EXPTE. 1965/341.

Dáse conta do informe de data 25/08/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de XULLO, e que son os que deseguido se relacionan:

XULLO 2017

CENTRO OU SERVICIO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
---------------------------	-----------------	-------------	----------------

SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1931/341. Embalaxe e transporte obras exposición "Forever young" - Noite Branca 2017. ARTECOM S.L. RCM 72400	26/07/17	2.323,20 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1932/341. Subministración de material gráfico para difusión de actividades Noite Branca 2017. JULI MOLARES. RCM 72417.	27/07/17	5.595,28 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1933/341. Produción, montaxe e desmontaxe da exposición "Forever Young" - Noite Branca 2017. SONIA M.ªOTERO GONZÁLEZ. RCM 73738.	28/07/17	2.265,80 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1934/341. Contrato privado de gasto menor para aseguramento das obras da exposición "Forever Young" - Noite Branca 2017, na Casa das Artes. AXA ART. RCM 73739.	28/07/17	371,53 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6071/337. Reparación do pavimento da sala de madeira B0 do Museo Pazo de Castrelos. ORECO	07/07/17	2.171,96 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6070/337. Contratación do servizo de traslado, embalaxe e seguro da peza arqueolóxica "Brazo de cruz" (nº inv. 9424) para investigación na Universidade Autónoma de Madrid. ARTECOM, S.L. RCM 66479.	06/07/17	2.283,13 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

19(923).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO DAS OBRAS DE "AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS, ENTRE CAMIÑO BUDIÑO E O CAMPO DE FÚTBOL PENEDO DE MOO EN MATAMÁ". EXPTE. 4452/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/08/17 e o informe xurídico do 04/09/17, dáse conta do informe-proposta do 25/08/17, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de área:

"Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos

que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 15 de febreiro de 2017, o técnico municipal, D. Jerónimo Centrón Castañón emitiu informe de xustificación da conveniencia e idoneidade da actuación de ampliación da rede de abastecemento na rúa Abade Juan de Bastos, entre camiño Budiño e o campo de fútbol penedo da Moo en Matamá; informe á vista do cal o concelleiro delegado da Área de Fomento, por medio de orden de servizo de 13 de marzo seguinte, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local, de 27 de abril de 2017, no que se acordou «Encomendar á Entidade Concesionaria da Xestión Integral de Abastecemento e Saneamento de Auga Aqualia FCC a redacción do proxecto para a “AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS - MATAMÁ”».

IV.- Con data 11 de agosto de 2017 Aqualia FCC-Vigo UTE presentou o proxecto de obras de referencia, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo, Colexiado nº 711, cun presuposto de 86.911,73 euros, IVE excluído, e un prazo de execución de catro semanas.

V.- Coa mesma data, a Concesionaria presentou tamén o detalle dos custos asociados á actuación (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 3.648,10 Euros, IVE excluído.

VI.- As actuacións obxecto do proxecto consisten substancialmente na ampliación da rede de abastecemento na citada rúa. Unha vez efectuadas as redes e as conexións procederase á pavimentación da calzada que resulte afectada polas obras.

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, con data de 25 de agosto de 2017, informa o seguinte:

A cuantía do proxecto é inferior a 500.000 euros e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, polo que o presente informe ten carácter facultativo. Polo tanto segundo determina o art. 125 do *“Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público”* non é preceptivo o informe de supervisión polo tanto dita supervisión ten carácter facultativo

Os costes unitarios incluídos no proxecto, consideranse adecuados para a execución do contrato, atendendo a o cadro de prezos das unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado por XGL de data 22/03/2013

Neste caso a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo “*Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público*” e polo “*Reglamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro*” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira.- O procedemento para a aprobación do proxecto de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Inversións de Aqualia FCC-Vigo UTE.

Segunda.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Terceira.- O proxecto de obras, tal e como resulta do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, de data de 22 de agosto de 2017, responde aos obxectivos propostos, comprende unha obra completa e toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto tal e como resulta no informe, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

Polo demais, segundo se especifica no mesmo informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013; os custos asociados á actuación observan ás porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013.

Cuarta.- A aprobación do proxecto, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo exposto, **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico para a execución das obras “**Ampliación da rede de Abastecemento na Rúa Abade Juan de Bastos, entre Camiño Budiño e o Campo de Fútbol Penedo de Moo en Matamá**”, por un importe total de 86.911,73 euros (IVE excluído), e un prazo de execución de catro semanas, con cargo aos compromisos de investimentos asumidos por Aqualia FCC-Vigo UTE na cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de novembro de 2011, de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada ao seu favor.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 3.648,10 euros con exclusión do IVE, segundo o seguinte detalle:

Custo asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	ESINPRO, S.L.	1.460,70 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO, S.L.	1.460,70 €
Coordinación de seguridade e saúde	PROYEGAL	365,18 €
	SUMA	3.286,58 €
	11% Gastos de Xestión	361,52 €
	TOTAL (IVE excluído)	3.648,10 €

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(924).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CARBALLAL”. EXPTE. 3576/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 31/08/17 e o informe de conformidade xurídica do 4/09/17, dáse conta do informe-

proposta do 30/08/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1.** O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016, recolle dentro do programa “funcionamento de centro docentes de ensinanza” a aplicación orzamentaria 3230.6220005 “Cubrición de patios de colexios”.
- 2.** Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 08/02/2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da profesional Dña. Iria Urdampilleta Pérez.
- 3.** O proxecto presentado en execución do contrato, redactado pola Arquitecta Dña. Iria Urdampilleta Pérez, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de TRESCIENTOS TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (335.544,07 €) e data xullo de 2017.
- 4.** O Concelleiro Delegado resolveu, con data 28.08.2017 iniciar expediente para a aprobación do proxecto.
- 5.** A actuación prevista nesta fase terá lugar no colexio público sito na rúa Freiría, nº 1, Vigo. As obras contempladas no proxecto a executar son as seguintes:

Retirada de mobiliario, e luminarias existentes así coma a demolición previa de gradas e soleiras existentes.

Excavación e vaciado de terreo para colocación de zapatas e vigas riostras, formación de zapatas e vigas riostras de formigón armado previa capa de nivelación do terreo. Previsión de rede de saneamento para recollida de augas pluviais e conexión a rede existente.

Colocación de pilares e vigas prefabricadas en formación cuberta, así como novas gradas prefabricadas asentadas sobre muretes de bloques, colocación de correas na formación de cuberta e hastiales para colocación da chapa de cuberta co seu corresponde canalón de recollida de augas e conducións verticais, colocación de chapa nos hastiales en formación de elementos decorativos.

Novo tratamento de superficie de pavimento deportivo, con reposición de soleiras en onde sexa necesario. E revestimento anticarbonatación en elementos estruturais con cores a elixir. Colocación de protección en pilares e malla simple torsión en teito, así coma desprazamento de portalón existente.

Nova reposición de instalacións de iluminación e conexión de recollidas de augas a rede de pluviais existente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO meses.

- 6.** O Enxeñeiro da Edificación municipal/ Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 29 de agosto de 2017, informa o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato así que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de

14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- O Alcalde-Presidente en data 13.01.2017 resolveu delegar no Concelleiro Delegado da Fomento, Contratación e Limpeza tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias para a execución das obras de: Cubrición de patios de colexios.- Aplicación orzamentaria: 3230.6220005.

V.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

VI.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

Aprobar o proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CARBALLAL", de data xullo de 2017, redactado pola Arquitecta Dña. Iria Urdampilleta Pérez, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de TRESCENTOS TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (335.544,07 EUROS).

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(925).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DA RÚA GARCÍA OLLOQUI E PRAZA COMPOSTELA. EXPTE. 4829/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/08/17 e o informe de fiscalización de data 31/08/17, dáse conta do informe-proposta do 30/08/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle dentro do programa 1532 "Pavimentación vías públicas" a aplicación orzamentaria 1532.619.00.11 (Humanización G. Olloqui e Praza Compostela)

2º.- Ao expediente administrativo de contatación achégase expediente 3.389/443 que recolle o proxecto de MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DA RÚA GARCÍA OLLOQUI E PRAZA DE COMPOSTELA redactado polo arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS TRECE MIL CATROCIENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.213.484,79 EUROS), de data xullo de 2017, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 10.08.2017.

O mesmo foi contratado no marco do expediente de 3958/440 contrato menor de servizos de redacción de proxecto a prol da mercantil Pablo Menéndez S.L.U. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 10.08.2017 correspondese co expediente administrativo 3389/443, que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polo arquitecto D. Pablo Menéndez Paz.

b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 09.08.2017.

c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 09.08.2017.

d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipais con data 11.08.2017.

e) Informe da Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 14.08.2017

f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 28.08.2017

g) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 29.08.2017

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente das obras do proxecto de MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DA RÚA GARCÍA OLLOQUI E PRAZA DE COMPOSTELA

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que reixerá a contratación, redactado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación, de data 28 de agosto de 2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS TRECE MIL CATROCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.213.484,79 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 210.604,80 euros.

Exercicio 2017: 450.000,00 €

Exercicio 2018: 763.484,79 €

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.11 "Humanización G. Olloqui e Praza Compostela", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 169,66 %.

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(926).- MODIFICACIÓN DO RESPONSABLE DO CONTRATO NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS, PROPIAS OU ARRENDADAS. EXPTE. 1316/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/08/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación autorizada e o concelleiro delegado da Área de Fomento, o titular de Asesoría Xurídica autorizado e o interventor xeral que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSF)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSF

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o procedemento para a contratación do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexen o procedemento para a contratación do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas

ANTECEDENTES

Con data do 9 de agosto de 2017, o segundo tenente alcalde e concelleiro de Fomento, Contratación e Limpeza solicita a modificación do responsable do contrato no procedemento para a contratación do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas, en base ás reestruturacións operadas na Concellaría de Fomento e co obxectivo dunha mellora na eficacia do servizo e na coordinación administrativa dos contratos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en data 3 de agosto de 2012, acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas, así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, e a apertura da licitación deste procedemento.

Consta no apartado 1C do Anexo II - FEC- do PCAP que o responsable do contrato é o xefe da Área de Fomento.

Segundo.- Segundo a solicitude asinada o 9 de agosto de 2017 polo concelleiro de Fomento, Contratación e Limpeza de modificación do responsable do contrato neste procedemento:

“A Xunta de Goberno Local en data 15.01.2016 e 29.04.2016 aprobou dúas reorganizacións nos diferentes Servizos da Concellaría de Fomento. O Alcalde-Presidente, mediante decretos de datas 13.01.2017 e 24.04.2017 resolveu diferentes atribucións na Concellaría de Fomento. (...)”.

Na citada solicitude propónse como responsable deste contrato ao xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, polo que procede modificar o apartado 1C do Anexo II - FEC- do PCAP, que quedaría coa seguinte redacción:

“1. DATOS DO EXPEDIENTE

C) *RESPONSABLE DO CONTRATO: xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento*”.

Cuarto.- En primeiro lugar, resulta preciso determinar a lexislación aplicable a esta modificación. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos sinalados na lei (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás Entidades Locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2 (apartado 5) do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP). Neste caso o PCAP prevé na cláusula 31 e apartado 15 do Anexo II- FEC- do PCAP a modificación do contrato, ademais de nos supostos do citado artigo 107, polas seguintes circunstancias:

- *“Apertura dun novo local de uso municipal con necesidade de servizo de limpeza ordinario e continuado.*
- *Baixa dun local municipal existente obxecto deste contrato.*
- *Ampliación dun local municipal existente con necesidade de limpeza ordinaria e continua para esta ampliación.*
- *Cambio de uso dun ou varios locais existentes obxecto deste contrato que modifique o tipo e/ou periodicidade da limpeza”.*

En consecuencia, haberá que acudir ao artigo 107 do TRLCSP para modificar este contrato.

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP).
- **Límites materiais:** a modificación non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria (artigo 107.2 TRLCSP), especificándose no artigo 107.3 os supostos nos que se entende que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato:

- a) Cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.
 - b) Cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.
 - c) Cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.
 - d) Cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 por cento do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.
 - e) En calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte no mesmo presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Neste caso, a modificación refírese unicamente a un aspecto organizativo da Administración municipal, que non afecta ás condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato.

Esta modificación tampouco afecta ao prezo do contrato, polo que non resulta necesario o trámite de audiencia ao contratista nin a súa compensación económica. Tampouco é necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia.

Cuarto.- A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRXAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

Quinto.- Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as Entidades Locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, por tratarse dun municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

Sexto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención

municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1) *“Aprobar a modificación do contrato do servizo de limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas, consistente en substituír ao responsable do contrato, xefe da Área de Fomento polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.*
- 2) *Formalizar por escrito esta modificación.*
- 3) *Notificar este acordo ao contratista”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(927).- MODIFICACIÓN DO RESPONSABLE DO CONTRATO NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 71048/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/08/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación autorizada e o concelleiro delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, o titular de Asesoría Xurídica autorizado e o interventor xeral que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o procedemento para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexen o procedemento para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Con data do 9 de agosto de 2017, o segundo tenente alcalde e concelleiro de Fomento, Contratación e Limpeza solicita a modificación do responsable do contrato no procedemento para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, en base ás reestruturacións operadas na Concellaría de Fomento e co obxectivo dunha mellora na eficacia do servizo e na coordinación administrativa dos contratos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en data 26 de xuño de 2014, acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo por procedemento aberto, así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, e a apertura da licitación deste procedemento.

Segundo o apartado 1C do Anexo I - FEC- do PCAP o responsable do contrato é o xefe do servizo de Vías e Obras.

Segundo.- Segundo a solicitude asinada o 9 de agosto de 2017 polo concelleiro de Fomento, Contratación e Limpeza de modificación do responsable do contrato neste procedemento:

“A Xunta de Goberno Local en data 15.01.2016 e 29.04.2016 aprobou dúas reorganizacións nos diferentes Servizos da Concellaría de Fomento. O Alcalde-Presidente, mediante decretos de datas 13.01.2017 e 24.04.2017 resolveu diferentes atribucións na Concellaría de Fomento. (...)”.

Na citada solicitude propónse como responsable deste contrato ao xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, polo que procede modificar o apartado 1C do Anexo I - FEC- do PCAP, que quedaría coa seguinte redacción:

“1. DATOS DO EXPEDIENTE

C) RESPONSABLE DO CONTRATO: *xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento”.*

Cuarto.- En primeiro lugar, resulta preciso determinar a lexislación aplicable a esta modificación. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se poñía ao TRLCSP.

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro

dos límites e con subxección aos requisitos e efectos sinalados na lei (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás Entidades Locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2 (apartado 5) do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP). Neste caso o PCAP prevé na cláusula 33 e apartado 16 do Anexo I- FEC- do PCAP a modificación do contrato, ademais de nos supostos do citado artigo 107, polo deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.

En consecuencia, haberá que acudir ao artigo 107 do TRLCSP para modificar este contrato.

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP).
- Límites materiais: a modificación non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria (artigo 107.2 TRLCSP), especificándose no artigo 107.3 os supostos nos que se entende que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato:
 - a) Cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.
 - b) Cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.
 - c) Cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.
 - d) Cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 por cento do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.
 - e) En calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte no mesmo presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Neste caso, a modificación refírese unicamente a un aspecto organizativo da Administración municipal, que non afecta ás condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato.

Esta modificación tampouco afecta ao prezo do contrato, polo que non resulta necesario o trámite de audiencia ao contratista nin a súa compensación económica. Tampouco é necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia.

Cuarto.- A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRXAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

Quinto.- Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as Entidades Locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, por tratarse dun municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

Sexto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1) *“Aprobar a modificación do contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, consistente en substituír ao responsable do contrato, xefe do servizo de Vías e Obras polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.*
- 2) *Formalizar por escrito esta modificación.*
- 3) *Notificar este acordo ao contratista”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(928).- MODIFICACIÓN DO RESPONSABLE DO CONTRATO NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO MEDIANTE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 12242/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 2408/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación autorizada e o concelleiro delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, o titular de Asesoría Xurídica autorizado e o interventor xeral que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o procedemento para a contratación da xestión de servizo público mediante concesión para a construción, xestión e explotación do complexo deportivo de Navia por procedemento aberto
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexen o procedemento para a contratación da xestión de servizo público mediante concesión para a construción, xestión e explotación do complexo deportivo de Navia por procedemento aberto

ANTECEDENTES

Con data do 9 de agosto de 2017, o segundo tenente alcalde e concelleiro de Fomento, Contratación e Limpeza solicita a modificación do responsable do contrato no procedemento aberto para a contratación da xestión de servizo público mediante concesión para a construción, xestión e explotación do complexo deportivo de Navia, en base ás reestruturacións operadas na Concellaría de Fomento e co obxectivo dunha mellora na eficacia do servizo e na coordinación administrativa dos contratos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en data 8 de agosto de 2013, acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación da xestión de servizo público mediante concesión para a construción, xestión e explotación do complexo deportivo de Navia por procedemento aberto, así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, e a apertura da licitación deste procedemento.

Segundo o apartado 3 da cláusula 1 do PCAP o responsable do contrato é o director deportivo, xefe da Unidade Técnica.

Segundo.- Segundo a solicitude asinada o 9 de agosto de 2017 polo concelleiro de Fomento, Contratación e Limpeza de modificación do responsable do contrato neste procedemento:

“A Xunta de Goberno Local en data 15.01.2016 e 29.04.2016 aprobou dúas reorganizacións nos diferentes Servizos da Concellería de Fomento. O Alcalde-Presidente, mediante decretos de datas 13.01.2017 e 24.04.2017 resolveu diferentes atribucións na Concellería de Fomento. Entre elas a tramitación e execución dos expedientes administrativos necesarios para o desenvolvemento da construcións de novos pavillóns deportivos, así como do contrato administrativo de xestión de servizos públicos baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra das piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e o Ximnasio do Berbés”.

Na citada solicitude propónse como responsable deste contrato ao xefe da Área de Investimentos, polo que procede modificar o apartado 1.3 do PCAP, que quedaría coa seguinte redacción:

“O responsable do contrato, coas competencias que lle asigna o artigo 52 do Real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), é o xefe da Área de Investimentos”.

Cuarto.- En primeiro lugar, resulta preciso determinar a lexislación aplicable a esta modificación. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos sinalados na lei (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás Entidades Locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 47ª do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP). Neste caso o PCAP prevé na cláusula 65ª a modificación do contrato nos seguintes supostos:

- *“Conveniencia de incorporación de novas instalacións ou servizos deportivos que favorezan ou complementen ó obxecto do contrato, motivadas polo incremento da demanda ou derivadas de medidas de mellora da eficiencia dos procesos de xestión.*
- *Cando se estime necesario realizar cambios nas instalacións para mellorar a súa funcionalidade.*

➤ *Calquera das prevista no artigo 107 TRLCSP*".

En consecuencia, haberá que acudir ao artigo 107 do TRLCSP para modificar este contrato.

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP).
- Límites materiais: a modificación non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria (artigo 107.2 TRLCSP), especificándose no artigo 107.3 os supostos nos que se entende que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato:
 - a) Cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.
 - b) Cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.
 - c) Cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.
 - d) Cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 por cento do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.
 - e) En calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorren ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte no mesmo presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Neste caso, a modificación refírese unicamente a un aspecto organizativo da Administración municipal, que non afecta ás condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato.

Esta modificación tampouco afecta ao prezo do contrato, polo que non resulta necesario o trámite de audiencia ao contratista nin a súa compensación económica. Tampouco é necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia.

Cuarto.- A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRXAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

Quinto.- Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as Entidades Locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, por tratarse dun municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

Sexto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1) *“Aprobar a modificación do contrato para a xestión de servizo público mediante concesión para a construción, xestión e explotación do complexo deportivo de Navia, consistente en substituír ao responsable do contrato, director deportivo - xefe da Unidade Técnica polo xefe da Área de Investimentos.*
- 2) *Formalizar por escrito esta modificación.*
- 3) *Notificar este acordo ao contratista”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(929).- MODIFICACIÓN DO RESPONSABLE DO CONTRATO NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS E INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES. EXPTE. 15857/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/08/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación autorizada e o concelleiro delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, o titular de Asesoría Xurídica autorizado e o interventor xeral que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o procedemento para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexen o procedemento para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables

ANTECEDENTES

Con data do 9 de agosto de 2017, o segundo tenente alcalde e concelleiro de Fomento, Contratación e Limpeza solicita a modificación do responsable do contrato no procedemento para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables, en base ás reestruturacións operadas na Concellaría de Fomento e co obxectivo dunha mellora na eficacia do servizo e na coordinación administrativa dos contratos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en data 20 de novembro de 2015, acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación do servizo de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables, así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, e a apertura da licitación deste procedemento.

Consta no apartado 1.C do Anexo I -FEC- do PCAP como responsable do contrato o xefe dos Servizos Enerxéticos do Concello.

Segundo.- Segundo a solicitude asinada o 9 de agosto de 2017 polo concelleiro de Fomento, Contratación e Limpeza de modificación do responsable do contrato neste procedemento:

“A Xunta de Goberno Local en data 15.01.2016 e 29.04.2016 aprobou dúas reorganizacións nos diferentes Servizos da Concellaría de Fomento. O Alcalde-Presidente, mediante decretos de datas 13.01.2017 e 24.04.2017 resolveu diferentes atribucións na Concellaría de Fomento. Entre elas a tramitación e execución dos expedientes administrativos necesarios para o desenvolvemento da construcións de novos pavillóns deportivos, así como do contrato administrativo de xestión de servizos públicos baixo a modalidade de concesión de servizos públicos con execución de obra das piscinas cubertas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e o Ximnasio do Berbés”.

Na citada solicitude propónse como responsable deste contrato ao xefe da Área de Investimentos, polo que procede modificar o apartado 1.C do Anexo I -FEC- do PCAP, que quedaría coa seguinte redacción:

1. "DATOS DO EXPEDIENTE

C) RESPONSABLE DO CONTRATO: xefe da Área de Investimentos"

Cuarto.- En primeiro lugar, resulta preciso determinar a lexislación aplicable a esta modificación. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos sinalados na lei (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás Entidades Locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2 (apartado 5) do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP). Neste caso o PCAP prevé na cláusula 33 e apartado 16 do Anexo I- FEC- do PCAP a modificación do contrato, ademais de nos supostos do citado artigo 107, pola incorporación ao Patrimonio municipal de novos bens inmoables ou instalacións.

En consecuencia, haberá que acudir ao artigo 107 do TRLCSP para modificar este contrato.

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP).
- Límites materiais: a modificación non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria (artigo 107.2 TRLCSP), especificándose no artigo 107.3 os supostos nos que se entende que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato:
 - a) Cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.
 - b) Cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.

- c) Cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.
 - d) Cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 por cento do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.
 - e) En calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte no mesmo presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Neste caso, a modificación refírese unicamente a un aspecto organizativo da Administración municipal, que non afecta ás condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato.

Esta modificación tampouco afecta ao prezo do contrato, polo que non resulta necesario o trámite de audiencia ao contratista nin a súa compensación económica. Tampouco é necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia.

Cuarto.- A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRXAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

Quinto.- Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as Entidades Locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, por tratarse dun municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

Sexto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1) *“Aprobar a modificación do contrato para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de alumeadado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables, consistente en substituír ao*

responsable do contrato, xefe dos Servizos Enerxéticos polo xefe da Área de Investimentos.

- 2) *Formalizar por escrito esta modificación.*
- 3) *Notificar este acordo ao contratista".*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(930).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez